



CLUB NATACIÓN FERROL
Apartado de Correos nº 273
15480 (Ferrol)
Teléfono móbil: 698 14 54 45
Correo: info@natacionferrol.com
Páx. Web: www.natacionferrol.com

ESTATUTOS DO CLUB NATACIÓN FERROL

INTRODUCCIÓN

Os presentes Estatutos teñen como finalidade principal ser un instrumento normativo orientado ao desenvolvemento do Club Natación Ferrol.

TÍTULO I: DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. Denominación.

O Club Natación Ferrol, no sucesivo CNF, é unha entidade asociativa privada e sen ánimo de lucro, que se rexe pola Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte en Galicia, polas restantes disposicións que conforman a lexislación deportiva galega e española vixente, polos presentes Estatutos e demais normas de orde interno, que respectando as anteriores, sexan debidamente aprobadas.

Artigo 2. Domicilio social.

O CNF ten a súa sede en Ferrol e o seu domicilio social no 2º andar do Complexo Polideportivo Javier Gómez Noya na rúa Emilia Pardo Bazán s/n, podendo ser trasladado, dentro de dita cidade, por acordo da Xunta Directiva, a proposta do presidente/a.

Artigo 3. Capacidade xurídica.

O CNF ten plena capacidade xurídica, plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e xurisdición nos asuntos da súa competencia.

Artigo 4. Pertenza á FEGAN e á RFEN.

O CNF é membro de pleno dereito da Federación Galega de Natación e da Real Federación Española de Natación, cuxos Estatutos e Regulamentos acepta e obrígase ao seu cumprimento.

Artigo 5. Ámbito de actuación.

O CNF practicará a natación como principal modalidade. O seu ámbito territorial de actuación para a práctica das súas actividades coincidirá basicamente co territorio galego, sen que iso supoña unha limitación das súas actividades, que poderán abarcar todo o territorio nacional.



CLUB NATACIÓN FERROL
Apartado de Correos nº 273
15480 (Ferrol)
Teléfono móbil: 698 14 54 45
Correo: info@natacionferrol.com
Páx. Web: www.natacionferrol.com

Artigo 6. Principios básicos do CNF.

O CNF rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e do resto do ordenamento xurídico. Son principios básicos do CNF:

1. A democracia interna como garantía absoluta da participación de todos os socios/as.
2. O respecto ás liberdades de conciencia e expresión e ao libre pensamento de todos e cada un dos socios/as.
3. A garantía de liberdade de discusión interna.

Artigo 7. Obxectivos do CNF.

Os obxectivos e funcións básicas do CNF son os seguintes:

1. Promover o deporte de base como piar fundamental do noso traballo.
2. Desenvolver a práctica do deporte da natación e afianzar habilidades deportivas y físicas.
3. Fomentar a través del deporte hábitos de vida saudables, así como, desenvolver e afianzar o esforzo, respecto, superación, habilidades de cooperación e traballo en equipo.
4. Adaptar as habilidades deportivas e físicas de cada deportista e alumno/a nos diferentes niveis de apredizaxe e formación.
5. Difundir a través de los medios de comunicación, as actividades deportivas realizadas polos alumnos/as e deportistas, así como dos seus éxitos conseguidos.
6. Sensibilizar á sociedade, transmitindo unha imaxe positiva do deporte, garantindo un compromiso coas persoas con discapacidade no desenvolvemento das persoas con discapacidade intelectual onde se reflectan valores de superación, esforzo, capacidade e respecto.
7. Prestar colaboración a entidades e organismos na formación e aprendizaxe da natación.
8. Participar como Club en competicións oficiais autonómicas, nacionais e internacionais.
9. Organizar ou tutelar por delegación as competicións oficiais de carácter territorial ou nacional que se celebren dentro da cidade de Ferrol, así como os eventos deportivos con carácter participativo e amistoso.
10. Constituír as Comisións e Comités que se consideren convenientes para o mellor cumprimento dos seus fins e obxecto.
11. Colaborar coa Administración do Estado, a Comunidade Autónoma, a Deputación da Coruña, a Cidade de Ferrol, a RFEN e a FEGAN para a formación de técnicos deportivos e na prevención, control e represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos e métodos non regulamentarios no deporte.
12. En xeral, canta actividades non se opoñan, menoscaben ou destrúan o seu obxecto social.



CLUB NATACIÓN FERROL
Apartado de Correos nº 273
15480 (Ferrol)
Teléfono móbil: 698 14 54 45
Correo: info@natacionferrol.com
Páx. Web: www.natacionferrol.com

TÍTULO II: DOS SOCIOS/AS

Artigo 8. Dos socios/as.

O número de socios/as será ilimitado, coa soa condición de que se dean os vínculos de carácter social ou profesional que lles liguen coas persoas que constitúen o CNF. A Xunta Directiva poderá suspender, nembargantes, admisión temporal de novos socios/as cando a falta de espazos ou capacidade das instalacións así o aconsellen.

Artigo 9. Dos usuarios.

O CNF poderá habilitar a calidade de usuario para aquelas persoas que participen na escola deportiva, dentro dos termos establecidos no regulamento correspondente. Nembargantes, non adquirirán dereitos nin obrigas co CNF, mais que aboar as cotas establecidas oportunamente.

Artigo 10. Requisitos para asociarse.

1. Poderán pertencer ao CNF aquelas persoas maiores de idade que teñan interese no desenvolvemento dos fins do CNF.
2. Aparte dos requisitos anteriormente expostos para pertencer ao CNF requirirá:
 - a. Aboar as cotas establecidas con arranxo ás normas vixentes.
 - b. Non contar co veto da maioría da Xunta Directiva.
 - c. Calquera outra disposta estatutariamente ou regulamentariamente.
3. En ningún caso poderán pertencer ao CNF persoas que foran regulamentariamente expulsadas do Club polos órganos competentes con indicación expresa de imposibilidade de regreso.

Artigo 11. Tipos de socios/as.

O CNF estará constituído por:

1. **Socios/as de número:** aqueles que foran admitidos como tales segundo as bases establecidas no artigo anterior. Así mesmo estes poderán ser:
 - a. **Honoríficos:** serán aqueles que polo seu prestixio ou por haber contribuído de modo relevante aos fins do CNF, fáganse acredores a tal distinción pola Asemblea Xeral, estando exentos do pago das cotas.
 - b. **Deportistas:** serán aqueles nadadores/as que tendo cumprida a maioría de idade, cumpren co establecido no artigo 12 dos presentes Estatutos.
 - c. **Máster:** serán aqueles nadadores/as maiores de idade que non sexan socios/as numerarios deportista.
 - d. **Normais:** serán aqueles que teñen nadadores/as familiares.
 - e. **Amigos:** serán aqueles que teñan interese no desenvolvemento dos fins do CNF e queiran seguir ligados a este, mais non sexan ou non teñan nadadores/as familiares no Club ou non pertenzan a outro club deportivo da mesma modalidade deportiva que o CNF.
2. **Socios/as familiares:** serán os cónxuxes ou familiares de 1º grao que non sexan nadadores/as do Club. Para obter esta calidade de socio/a deberá constar na ficha do socio numerario os datos correspondentes.



CLUB NATACIÓN FERROL
Apartado de Correos nº 273
15480 (Ferrol)
Teléfono móbil: 698 14 54 45
Correo: info@natacionferrol.com
Páx. Web: www.natacionferrol.com

Artigo 12. Dos socios/as deportistas.

Para poder obter a condición de socio/a numerario deportista deberán cumprirse os seguintes requisitos aparte dos xa mencionados no artigo 10:

1. Deberá ser aprobada pola Xunta Directiva a proposta da Comisión Técnica ou no seu defecto o Equipo Técnico do CNF.
2. Participar en todas as competicións que a Comisión Técnica o convoque.
3. Estar en posesión de licenza territorial no momento da proposta, e tela tamén tramitada na tempada anterior, acreditando a súa participación nesa tempada deportiva en competicións de carácter oficial.
4. Ficarán exentos da aplicación do apartado anterior aqueles deportistas que estivesen no Club en tempadas anteriores e a así o aprobe a Xunta Directiva.
5. Recoller todos os premios, recompensas e distincións coa uniformidade do Club, agás disposicións superiores en contra.

Artigo 13. Dereitos dos socios/as numerarios e familiares.

1. Os asociados/as numerarios terán os seguintes dereitos:
 - a. Participar nas actividades do CNF.
 - b. Ser elector e elixible.
 - c. Exercer o seu dereito a voto.
 - d. Separarse libremente do Club.
 - e. Examinar as actas dos órganos dos que forman parte a partir dos dez días seguintes á súa celebración.
 - f. Ser informado acerca da composición dos órganos de goberno e representación do CNF.
 - g. A liberdade de expresión interna.
 - h. A utilización, para un uso non persoal, dos medios dos que dispón o CNF, coa previa solicitude á Xunta Directiva.
 - i. Ser escoitado/a con carácter preciso á adopción de medidas disciplinarias contra el/ela.
 - j. Impugnar os acordos dos Órganos do CNF que estime contrarios á Lei, á Constitución, aos Estatutos, ao RRI ou á lexislación vixente.
 - k. A ter á súa disposición os Estatutos e Regulamento de Réxime Interno.
2. Os asociados/as familiares terán os seguintes dereitos:
 - a. Participar nas actividades do CNF.
 - b. Asistir á Asemblea Xeral con voz, pero sen voto.
 - c. A liberdade de expresión interna.

Artigo 14. Obrigas dos socios/as de número.

1. Son obrigas dos socios/as de número:
 - a. Compartir as finalidades do CNF e colaborar para a consecución das mesmas.
 - b. Respetar a todos os seus compañeiros/as.



CLUB NATACIÓN FERROL

Apartado de Correos nº 273

15480 (Ferrol)

Teléfono móbil: 698 14 54 45

Correo: info@natacionferrol.com

Páx. Web: www.natacionferrol.com

- c. Defender os intereses do CNF.
 - d. Participar activamente no traballo do Club na medida do posible.
 - e. Cumprir as obrigas que resulten das disposicións estatutarias ou regulamentarias.
 - f. Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos Órganos de goberno e representación do CNF.
 - g. Aceptar e cumprir as indicacións feitas polo persoal do Club, en execución do disposto polos Órganos da entidade.
 - h. Comportarse e usar as instalacións do Club en consonancia coas normas da convivencia.
 - i. Ter unha boa conduta individual e cívica.
 - j. Acudir ás Asembleas Xerais e xuntanzas ás que fose convocado.
 - k. Aboar as cotas fixadas pola Asemblea Xeral.
2. As obrigas dos socios familiares serán as mesmas do parágrafo anterior, agás as expostas nos apartados j e k.

Artigo 15. Delegación de voto.

O procedemento para a delegación de voto será o seguinte:

1. O socio/a interesado poderá delegar o seu voto no socio/a familiar maior de idade inscrito ao efecto, na data establecida previamente pola Xunta Directiva que deberá ir reflectida na convocatoria da Asemblea.
2. A solicitude de delegación do voto farase a través da secretaría virtual do CNF.
3. A aceptación da delegación de voto será comunicada polo secretario xeral como mínimo 24 horas antes da celebración da Asemblea.

Artigo 16. Causas da perda da condición de socio/a.

Perderase a condición de asociado/a automaticamente por algunha das seguintes causas:

1. Por renuncia voluntaria, comunicada a través da secretaría virtual do CNF.
2. Por non pagamento.
3. Por incorrer nalgunha das causas de incompatibilidade recollidas nos presentes Estatutos e regulamento internos.
4. Por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses do Club, cometan actos conflitivos prexudicando o benestar social e a convivencia, previo expediente disciplinario impulsado polo presidente/a e resolto pola Xunta Directiva, que o faga indignos de seguir pertencendo ao CNF. O socio/a terá dereito a unha audiencia previamente ante a Xunta Directiva.

Artigo 17. Principio de igualdade.

Establécese o principio de igualdade de todos os asociados/as, sen discriminación por razón de raza, sexo, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.



CLUB NATACIÓN FERROL
Apartado de Correos nº 273
15480 (Ferrol)
Teléfono móvil: 698 14 54 45
Correo: info@natacionferrol.com
Pág. Web: www.natacionferrol.com

TÍTULO III: DOS ÓRGANOS DO CNF

Artigo 18. Órganos do CNF.

Para o cumprimento dos seus fins, o CNF rexerese polos seguintes Órganos:

1. Órganos de goberno:
 - a. Asemblea Xeral.
 - b. Xunta Directiva.
 - c. Presidencia.
2. Órganos complementarios:
 - a. Secretaría xeral.
3. Órganos técnicos:
 - a. Dirección técnica.

Artigo 19. Requisitos para ser membro dos órganos do CNF.

Son requisitos para ser membro dos órganos do CNF:

1. Ser español.
2. Ter a condición de cidadán de Galicia segundo o Estatuto de Autonomía.
3. Ter a maioría civil, agás nos casos nos que estatutariamente se estableza outra idade.
4. Ter plena capacidade de obrar.
5. Non incorrer nas incompatibilidades establecidas legal, estatutariamente ou regulamentariamente.

Artigo 20. Convocatoria dos órganos de goberno.

1. A convocatoria dos Órganos de goberno do CNF corresponde ao seu presidente/a, que é o do CNF, e deberá ser notificado aos seus membros, acompañado da orde do día, co prazo de antelación previsto, agás nos casos de urxencia, poñendo a disposición dos convocados, no local do CNF, canta documentación afecte aos temas a tratar, até vinte catro horas antes da celebración da reunión.
2. Con independencia do anterior, os convocados recibirán con anterioridade á reunión, a máxima información e documentación posíbel e necesaria sobre os temas a tratar.
3. As convocatorias serán notificada mediante medios electrónicos ou informáticos e expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do CNF.

Artigo 21. Actas da xuntanzas.

De todos os acordos dos Órganos Colexiados de goberno do CNF, o secretario levantará a acta correspondente, especificando o nome das persoas que interviñesen e as demais circunstancias que se consideren oportunas, así como o resultado das votacións e, no seu caso, os votos particulares contrarios ao acordo adoptado.



CLUB NATACIÓN FERROL
Apartado de Correos nº 273
15480 (Ferrol)
Teléfono móbil: 698 14 54 45
Correo: info@natacionferrol.com
Páx. Web: www.natacionferrol.com

Artigo 22. Toma de acordos.

Os acordos dos Órganos de goberno do CNF adoptaranse por maioría simple dos asistentes, agás naqueles casos nos que expresamente se prevexa un quórum máis cualificado pola Leis, polos presentes Estatutos ou polo RRI.

Artigo 23. Responsabilidade dos membros dos órganos do CNF.

1. Con independencia das responsabilidades penais civís e administrativas que de forma xeral consagran o ordenamento español, os membros dos diferentes Órganos do CNF, son responsables, especificamente, dos actos, resolucións ou acordos adoptados por aquel do que formen parte.
2. Os votos contrarios aos acordos dos Órganos de goberno do CNF e as abstencións motivadas referidas ao artigo anterior, eximirán das responsabilidades que puideran derivarse da súa adopción.
3. Pola contra non serán eximentes as ausencias a estes órganos.
4. En calquera caso, os membros dos órganos do CNF responderán fronte ao socios do Club ou fronte a terceiros por culpa ou negligencia grave.

CAPÍTULO I: DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 24. Proceso electoral.

O desenvolvemento dos procesos electorais regularase no oportuno Regulamento de Eleccións. En dito Regulamento regularanse as seguintes cuestións:

1. Calendario electoral.
2. Censo electoral.
3. Composición, competencias e funcionamento da Xunta Electoral.
4. Requisitos, prazos, presentación e proclamación de candidatos.
5. Procedemento de resolución de conflitos e reclamacións, que haberán de solucionarse sen dilación.
6. Posibilidade de recursos electorais.
7. Elección do presidente/a.

Artigo 25. Convocatoria de eleccións.

1. Unha vez convocadas as eleccións á Presidencia pola Xunta Directiva, exporase o censo electoral. A partir do momento da devandita exposición do censo electoral, a Xunta Directiva constituirase en Comisión Xestora.
2. Os membros da Xunta Directiva saínte que desexen presentarse á elección de presidente/a do CNF non formarán parte da Comisión Xestora.

Artigo 26. Funcións da Comisión Xestora.

A Comisión Xestora garantirá a máxima difusión e publicidade das convocatorias das eleccións á Presidencia, así como o seu Regulamento, coas medidas previstas nas disposicións



CLUB NATACIÓN FERROL
Apartado de Correos nº 273
15480 (Ferrol)
Teléfono móbil: 698 14 54 45
Correo: info@natacionferrol.com
Páx. Web: www.natacionferrol.com

do Club. A convocatoria de eleccións será notificada aos socios/as do CNF mediante medios electrónicos ou informáticos, e exposta no taboleiro de anuncios do CNF, cun mínimo de vinte días de antelación ao inicio do procedemento.

Artigo 27. Constitución e nomeamento do presidente/a.

Unha vez concluídas as eleccións xerais á Presidencia, constituirase a Asemblea Xeral en convocatoria extraordinaria convocada a tal efecto pola Xunta Electoral, nunca nun prazo non superior a 15 días, na que o secretario saínte lerá o resultados das votacións e será nomeado o presidente/a electo, o cal elixirá á súa Xunta Directiva.

Artigo 28. Eficacia dos acordos e decisións dos órganos de goberno.

As decisións e acordos dos órganos de goberno teñen eficacia dende o día da súa notificación ao interesado ou dende o día seguinte á súa publicación oficial, sempre e cando non se expoña o contrario.

SECCIÓN 1ª ASEMBLEA XERAL

Artigo 29. Natureza.

A Asemblea Xeral é o órgano superior do CNF e está integrada por todos os socios/as numerarios.

Artigo 30. Clasificación das Asembleas Xerais.

As Asembleas Xerais clasificaranse segundo os seguintes criterios:

1. A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano. Estas xuntanzas comezarán coa lectura da acta da sesión anterior e rematarán co apartado de rogos e preguntas e poderán tratarse asuntos ou propostas que presente a Xunta Directiva que non consten na orde do día, sempre que os asistentes, por maioría simple, presten a súa anuencia.
2. Consideraranse Asembleas Xerais de carácter extraordinario, aquelas que decida a Xunta Directiva ou o soliciten, un mínimo do 30% dos socios/as membros do CNF. Estas xuntanzas non contarán coa lectura da acta da reunión anterior nin co punto de rogos e preguntas e poderán tratarse asuntos ou propostas que presente a Xunta Directiva que non consten na orde do día, sempre que os asistentes, por maioría simple, presten a súa anuencia.
3. Consideraranse Asembleas Xerais de carácter urxente, aquelas que sexa de prioridade máxima e se precise reunir á Asemblea Xeral para informar, avaliar ou aprobar unha proposta. Estas xuntanzas non contarán coa lectura da acta da reunión anterior nin co punto de rogos e preguntas e non se poderá entrar a debater ningún punto que non conste na orde do día.



CLUB NATACIÓN FERROL
Apartado de Correos nº 273
15480 (Ferrol)
Teléfono móbil: 698 14 54 45
Correo: info@natacionferrol.com
Páx. Web: www.natacionferrol.com

Artigo 31. Facultades da Asemblea Xeral ordinaria.

Son facultades da Asemblea Xeral ordinaria:

1. Nomear aos seus socios/as de honra.
2. Examinar e aprobar os orzamentos e as contas de cada tempada.
3. Fixar e modificar as cotas dos socios/as e ratificar as cotas dos usuarios/as do Club aprobadas polas Xunta Directiva.
4. Examinar e aprobar a memoria deportiva da tempada a anterior.
5. Coñecer a xestión da Xunta Directiva.
6. Resolver as proposicións que lle someta a Xunta Directiva do CNF ou os propios asembleístas, no número que se determine regulamentariamente con previsión, así mesmo, da forma e prazo para presentalas.
7. Ratificación do Regulamento de Réxime Interno e das súas modificacións.

Artigo 32. Facultades da Asemblea Xeral extraordinaria.

Correspóndelle á Asemblea Xeral extraordinaria:

1. Modificacións dos Estatutos.
2. Modificación dos orzamentos.
3. Autorizar o gravame ou alleamento de ben inmobles cando o importe da operación sexa igual ou superior ao dez por cento do orzamento do CNF.
4. A disolución do Club.

Artigo 33. Facultades da Asemblea Xeral urxente.

A Asemblea Xeral Urxente terá como atribución principal sempre que sexan de prioridade máxima e se precise reunir á Asemblea Xeral para informar, avaliar ou aprobar unha proposta, nun período de tempo moi reducido.

Artigo 34. Convocatorias das Asembleas Xerais.

1. A convocatoria da Asemblea Xeral ordinaria deberá ser notificada e publicada canto menos con 10 días naturais de antelación.
2. A convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria deberá ser notificada e publicada canto menos con 5 días naturais de antelación.
3. A convocatoria da Asemblea Xeral urxente deberá ser notificada e publicada canto menos con 48h de antelación.
4. As convocatorias das Asembleas Xerais serán notificadas aos socios/as do CNF mediante medios electrónicos ou informáticos e exposta no taboleiro de anuncios e páxina web do CNF.
5. Nas convocatorias das Asembleas Xerais, deberá figurar a orde do día cos puntos a tratar, acompañándose toda aquela documentación que se crea conveniente para o seu estudo polo membros da Asemblea, podendo entregarse ao inicio da sesión no suposto previsto no artigo 33 dos presentes Estatutos.



CLUB NATACIÓN FERROL
Apartado de Correos nº 273
15480 (Ferrol)
Teléfono móbil: 698 14 54 45
Correo: info@natacionferrol.com
Páx. Web: www.natacionferrol.com

Artigo 35. Constitución das Asembleas Xerais.

As Asembleas Xerais quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando asista a metade máis un dos seus membros e, en segunda, calquera que sexa o número de asistentes.

Artigo 36. Publicación dos acordos e disposicións.

As disposicións ditadas e aprobadas pola Asemblea Xeral e os acordos que adopte no exercizo das súas facultades serán publicados pola Secretaría do CNF a través de resolución que será pendurada no apartado correspondente da páxina Web do Club, así como no taboleiro de anuncios, co fin de garantir a máxima publicidade.

Artigo 37. Impugnación dos acordos da Asemblea.

Aqueles acordos que se consideren contrarios a estes Estatutos, ao Regulamento de Réxime Interno ou calquera disposición do ordenamento xurídico poderán ser impugnados ante a Xunta Directiva do Club no prazo de 15 días de a súa aprobación.

En calquera caso, poderanse impugnar ante os órganos competentes da Federación Galega de Natación ou Real Federación Española de Natación ou ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

SECCIÓN 3ª XUNTA DIRECTIVA

Artigo 38. Natureza e composición.

1. A Xunta Directiva é o Órgano de goberno do Club Natación Ferrol a quen lle corresponde asistir ao presidente e a quen compete a xestión do CNF, así como toda a competencia non atribuída especialmente aos demais Órganos de goberno e representación desta.
2. Estará formada como máximo por una presidente/a, tres vicepresidentes/as, un tesoureiro/a, un secretario/a e dez vogais.
3. Os membros da Xunta Directiva será designados e revocados libremente polo presidente/a.
4. A duración do mandato da Xunta Directiva irá ligado ao do seu presidente/a que será de catro anos.
5. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade dalgún membro da Xunta Directiva, sempre que non se trate da Presidencia, poderá ser suplido provisionalmente por outro dos compoñentes desta, previa designación por maioría dos seus membros.
6. Non poderán desempeñar cargos directivos no Club Natación Ferrol aquelas persoas que obteñan proveito material, persoal derivado de determinada actividade económica, comercial, industrial ou profesional relacionado co deporte específico da natación en todas as súas especialidades.



CLUB NATACIÓN FERROL
Apartado de Correos nº 273
15480 (Ferrol)
Teléfono móvil: 698 14 54 45
Correo: info@natacionferrol.com
Páx. Web: www.natacionferrol.com

Artigo 39. Cese dos membros da Xunta Directiva.

Os membros da Xunta Directiva do CNF cesarán polas seguintes causas:

1. Expiración do período do mandato.
2. Dimisión.
3. Falecemento.
4. Remoción por non tratarse de cargos electivos.
5. Incapacidade que impida o desempeño do cargo.
6. Incurrir nalguna das causas de inelixibilidade recollida nos presentes Estatutos ou no RRI.
7. Tratándose do presidente/a do CNF o será tamén o voto de censura.

Artigo 40. Competencias da Xunta Directiva.

Son competencias da Xunta Directiva:

1. A facultade executiva e xurisdicional, así como a interpretación dos Estatutos, Regulamentos e acordos dos demais Órganos superiores colexiados de goberno e representación do CNF e os seus propios, cumpríndoos e facéndoos cumprir. En ningún caso poderá tomar acordos que vulneren os adoptados con carácter xeral ou particular pola Asemblea, e se na súa interpretación excedese nas súas facultades, quedarán sen efecto cando así o acorde a Asemblea Xeral.
2. Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa do Club.
3. Executar os acordos da Asemblea Xeral.
4. Nomear ás persoas que vaian dirixir e formar parte das distintas Comisións do Club.
5. Convocar eleccións xerais á Presidencia do CNF.
6. Definir a política de datos de carácter persoal.
7. A creación, modificación ou supresión dos ficheiros de datos de carácter persoal.
8. Aprobar as cotas dos usuarios/as do Club que será ratificadas na primeira Asemblea Xeral ordinaria que se celebre.
9. Calquera outra facultade que non lle sexa exclusiva das competencias da Asemblea Xeral.

Artigo 41. Publicación de acordos e disposicións.

As disposicións ditadas e aprobadas pola Xunta Directiva e os acordos que adopte no exercizo das súas facultades serán publicados pola Secretaría do CNF a través de circular que será pendurada no apartado correspondente da páxina Web do Club, así como no taboleiro de anuncios, co fin de garantir a máxima publicidade.

Artigo 42. Comisión Permanente.

1. Para aqueles asuntos que requiran unha solución inmediata que pola súa importancia non sexa necesarios someter á Xunta Directiva e para o despacho de asuntos de trámite, constituirase unha Comisión Permanente que estará composta



CLUB NATACIÓN FERROL

Apartado de Correos nº 273

15480 (Ferrol)

Teléfono móbil: 698 14 54 45

Correo: info@natacionferrol.com

Páx. Web: www.natacionferrol.com

polo presidente/a, un vicepresidente/a, o secretario/a xeral e os membros da Xunta Directiva que convoque o presidente.

2. Reunirse sempre que a convoque presidente e dos seus acordos darase conta á Xunta Directiva que será onde constarán en acta os acordos, unha vez ratificados.

Artigo 43. Periodicidade das reunións.

A Xunta Directiva reunirse como mínimo unha vez cada seis meses ou cando polos asuntos a resolver a convoque o seu presidente, a quen lle corresponderá, en todo caso, a determinación dos asuntos da orde do día de cada sesión.

Artigo 44. Convocatoria da Xunta Directiva

A Xunta Directiva será convocada polo seu presidente/a con 48 horas de antelación, como mínimo, agás nos casos de urxencia, acompañada da orde do día. Tamén poderá ser convocada a petición da metade máis un dos seus membros.

Artigo 45. Constitución da Xunta Directiva.

1. A Xunta Directiva quedará validamente constituída cando asistan, ao menos, o presidente/a ou no seu defecto o vicepresidente/a e a metade dos restantes membros.
2. Tamén quedará validamente constituída cando estean presentes todos os seus membros, aínda que non houberse mediado convocatoria previa.

Artigo 46. Funcións dos vicepresidentes/as.

Os vicepresidentes/as substituirán ao presidente en todas as súas funcións e facultades cando sexa necesario, por causa de enfermidade, ausencia, incompatibilidade e calquera outra imposibilidade física ou legal. A substitución recaerá, en primeiro lugar, ao vicepresidente 1º.

Artigo 47. Funcións do tesoureiro/a.

O tesoureiro/a terá a dirección económico-administrativa e coidará das operacións de cobros e pagos. Autorizará coa súa sinatura mancomunada coa do presidente ou coa do secretario xeral, todos os documentos de movementos de fondos. Será responsable de levar a contabilidade. Formulará os balances que anualmente deberá presentarse á Asemblea Xeral. Exercerá a inspección económica de todos os Órganos do CNF. Correspóndelle exercer o control das subvención que se lle asignen ao Club.

Artigo 48. Funcións dos vogais.

Os vogais terán as obrigas propias do seu cargo como membro da Xunta Directiva e así como as que nazen das delegacións ou Comisións de traballo que a propia Xunta Directiva lles encomende.



CLUB NATACIÓN FERROL
Apartado de Correos nº 273
15480 (Ferrol)
Teléfono móbil: 698 14 54 45
Correo: info@natacionferrol.com
Páx. Web: www.natacionferrol.com

SECCIÓN 3ª A PRESIDENCIA

Artigo 49. Do presidente/a do CNF.

O presidente/a do Club Natación Ferrol é o órgano executivo e ostenta a súa representación legal e dirección económica, administrativa e deportiva do CNF, segundo os presentes Estatutos, asistido pola Xunta Directiva e en especial, polo vicepresidente/as, secretario/a xeral e tesoureiro/a, así como de cantas persoas considere necesarias en materias específicas para unha maior eficacia para acadar os fins propios do CNF.

Artigo 50. Funcións do presidente/a.

1. Serán funcións do presidente/a:
 - a. Representar ao CNF diante calquera organismo público ou privado.
 - b. Convocar e presidir os órganos de goberno, correspondéndolle a dirección dos debates cun voto con calidade de diriminte, e executa os acordos, podendo presidir, así mesmo, calquera Órgano ou Comisión do Club. Ten ademais dereito a asistir a cantas sesións celebren calquera Órgano e comisión do Club.
 - c. Moderará as intervencións, concedendo as quendas da palabra, centrando o debate e, de consideralo preciso, limitando o tempo das exposicións cando estime que xa non se están a aportar novos argumentos ou propostas concretas.
 - d. Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha do CNF aconselle, resulte preciso ou conveniente para o desenvolvemento das súas actividades, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.
 - e. Executar os acordos adoptados polas Comisións, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
 - f. Executar os actos e celebrar os contratos que sexan necesarios ou recomendables para a realización dos obxectivos do CNF, sen exceptuar os que versen sobre a adquisición ou alleamento de bens, inclusive inmobles, estes últimos previo acordo da Asemblea Xeral.
 - g. Concertar toda clase de préstamos con liberdade de pactos e condicións coa Banca privada, pública ou oficial, Institutos de Crédito, Caixas de Aforro, incluso o Banco de España, previo acordo da Xunta Directiva.
 - h. Aceptar e endosar letras de cambio, outorgar poderes a procuradores do Tribunais e avogados, Comunidade Autónoma, Provincia ou Municipio e ostentar a representación do CNF ante xulgados, tribunais, inclusive Tribunal Supremo, Tribunal Constitucional e Maxistratura de Traballo, e exercer as accións civís, criminais, sociais, económico-administrativas e contencioso-administrativas en todas as instancias.
 - i. Abrir contas correntes e cancelar as constituídas, previo acordo da Xunta Directiva.
 - j. Nomear e destituír os membros da Xunta Directiva, dos Órganos técnicos, así como as persoas que presten servizos laborais ou técnicos ao Club.
2. O presidente/a poderá delegar en calquera dos vicepresidentes e do secretario xeral as funcións e facultades que considere oportunas.



CLUB NATACIÓN FERROL
Apartado de Correos nº 273
15480 (Ferrol)
Teléfono móbil: 698 14 54 45
Correo: info@natacionferrol.com
Páx. Web: www.natacionferrol.com

Artigo 51. Elección do presidente/a.

1. O presidente/a será elixido cada catro anos, mediante sufraxio libre, igual, directo e segredo polos membros da Asemblea Xeral.
2. O presidente/a poderá ser reelixido, como máximo, para un só mandato, de modo que ningún candidato/a poderá ser presidente/a por un período superior a oito anos.
3. O desempeño do cargo de presidente será causa de incompatibilidade coa actividade como deportista e técnico do Club Natación Ferrol.
4. Os candidatos/as á Presidencia, aos que será esixible o requisito de seren socio/a numerario, deberán ser presentados polo dez por cento dos membros da Asemblea Xeral.
5. No caso de que, excepcionalmente, quede vacante a Presidencia antes de que transcorra o prazo de catro anos antes mencionado, a Asemblea procederá a unha nova elección para cubrir a devandita vacante polo tempo que falte até a conclusión do prazo correspondente ao mandato ordinario.
A Xunta Directiva constituirase en Comisión Xestora do CNF, presidida polo vicepresidente 1º, ou no seu defecto, polo vogal de maior idade.

Artigo 52. Procedemento da moción de censura ao presidente.

O procedemento para a moción de censura é o seguinte:

1. Que se formule pola metade máis un, ao menos, dos membros da Asemblea Xeral, podendo formalizarse conxunta e/ou individualmente por cada un dos propoñentes mediante escrito motivado e asinado, co que se anexará copia do DNI e do carné de socio/a, dirixido ao presidente/a do CNF.
2. O presidente/a deberá convocar con carácter extraordinario a Asemblea Xeral para que se reúna nun prazo máximo de 15 días con dita moción como único punto da orde do día, convocándoa con, ao menos, 5 días hábiles de antelación.
3. A Asemblea na que se debata a moción de censura será presidida polo membro de maior idade dos presentes.
4. Para a súa aprobación, a moción de censura requirirá maioría dos dous terzos dos membros de pleno dereito que integran a Asemblea Xeral, sen que, en ningún caso, se admita o voto por correo.
5. Se a moción non prosperase, non se poderá presentar unha nova até que transcorra un ano, como tampouco poderá presentarse, caso de prosperar, contra o candidato investido en dita moción até que transcorra un ano dende a súa investidura.

Artigo 53. Cese do presidente.

O presidente do CNF cesará polas seguintes causas:

1. Expiración do período do mandato.
2. Dimisión.



CLUB NATACIÓN FERROL
Apartado de Correos nº 273
15480 (Ferrol)
Teléfono móvil: 698 14 54 45
Correo: info@natacionferrol.com
Páx. Web: www.natacionferrol.com

3. Falecemento ou incapacidade física ou psíquica que impida o desempeño do cargo.
4. Inhabilitación por sentenza xudicial firme ou sanción deportiva.
5. Incorrer nalguna das causas de inelixibilidade recollida nos presentes Estatutos ou no RRI.
6. Moción de censura.

CAPÍTULO II: DOS ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS

SECCIÓN 1ª A SECRETARÍA XERAL

Artigo 54. Do secretario/a xeral.

O secretario xeral exerce a xefatura do CNF e actuará como secretario da Xunta Directiva e da Asemblea do CNF, así como dos Órganos e Comisións nas que participe.

Artigo 55. Funcións do secretario/a xeral.

As competencias do secretario/a xeral son as seguintes:

1. Vela polo exacto cumprimento de todas as normas xurídico-administrativas, así como dos acordos dos Órganos do CNF, tendo debidamente informado sobre o seu contido aos demais Órganos do CNF.
2. Levantar acta das súas reunións dos órganos de goberno.
3. Recibir e expedir a correspondencia oficial do CNF.
4. Levar o rexistro de entrada e saída.
5. Organiza, revisa e custodia o arquivo do CNF.
6. Expedir as certificacións oportunas dos actos emanados dos órganos de goberno do Club.
7. Asinar as resolucións, comunicacións, convocatorias, certificados, circulares, coa sinatura dixital deste e da do presidente.

CAPÍTULO III: DOS ÓRGANOS TÉCNICOS

Artigo 56. Comisións técnicas.

O presidente/a do CNF poderá crear as Comisións técnicas que desexe, sendo o encargado de nomear aos seus membros. Cando as circunstancias o aconsellen poderán ser convidados ás xuntanzas os representantes dos nadadores/as que se elixan segundo o establecido no RRI.

SECCIÓN 1ª DIRECCIÓN TÉCNICA

Artigo 57. Director técnico do CNF.

O director/a técnico do Club Natación Ferrol será nomeado pola Xunta Directiva do CNF.



CLUB NATACIÓN FERROL
Apartado de Correos nº 273
15480 (Ferrol)
Teléfono móbil: 698 14 54 45
Correo: info@natacionferrol.com
Páx. Web: www.natacionferrol.com

Artigo 58. Funcións do director técnico.

Son funcións do director/a técnico:

1. Preparar os plan de adestramento e competición.
2. Redactar informes sobre as competicións.
3. Encargarse de planificar, organizar e dirixir os adestramentos dos nadadores/as do Club.
4. Organizar os horarios dos adestramentos, xuntamente cos demais adestradores/as do Club.
5. Elaborar e presentar a memoria deportiva todas as tempadas.
6. En xeral, coidar de todos os asuntos técnico-deportivos do CNF.

TÍTULO IV: DOS DEPORTISTAS

Artigo 59. Dos deportistas.

Os deportistas son as persoas físicas, que estando en posesión da oportuna licenza federativa, practican o deporte da natación ou calquera das súas especialidades a nivel competitivo.

Artigo 60. Do trámite da licenza federativa.

Para que os deportistas poidan participar nas competicións ou actividades oficiais de ámbito estatal será preciso que estean en posesión da licenza deportiva en vigor, expedida ou homologada pola FEGAN e a RFEN, coas seguintes condicións:

1. Ter aboado a cota correspondente establecida pola Federación oportuna.
2. Ter autorizado o trámite da licenza ao CNF a través da secretaría virtual, aceptando os termos de utilización e cesión dos datos de carácter persoal.

TÍTULO V: DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 61. Patrimonio.

O CNF posúe patrimonio e orzamento propio e independente dos seus asociados/as. Adaptará a súa contabilidade á lexislación vixente.

Artigo 62. Orzamento anual.

A Tesourería preparará o proxecto de orzamento de cada exercicio, que presentará cada tempada á Asemblea Xeral, unha vez aprobada pola Xunta Directiva.



CLUB NATACIÓN FERROL
Apartado de Correos nº 273
15480 (Ferrol)
Teléfono móbil: 698 14 54 45
Correo: info@natacionferrol.com
Páx. Web: www.natacionferrol.com

Artigo 63. Recursos do CNF.

Constituirán os recursos do CNF:

1. Subvencións ordinarias e extraordinarias dos organismos competentes e das Federacións de Natación española e galega.
2. Subvención e donativos doutras entidades oficiais ou particulares.
3. Herdanzas, legados ou doazóns que lle outorguen.
4. Cotas e dereitos que se establezan para o seus socios/as e usuarios/as.
5. Préstamos ou créditos que se lle concedan.
6. Ingresos por cobro de publicidade ou calquera outro concepto que recade nas competicións que organice.
7. Os demais recursos que poida obter dentro das dispoñibilidades superiores.

Artigo 64. Finalidade dos ingresos.

O CNF destinará a totalidade dos seus ingresos e do seu patrimonio aos fins propios do seu obxecto.

TÍTULO VI: DA REFORMA DOS ESTATUTOS E DO REGULAMENTO

Artigo 65. Reforma dos Estatutos e do Regulamento.

1. Os presentes Estatutos só poderán ser modificados ou derogados por acordo da Asemblea Xeral extraordinaria, convocada a tal efecto, mediante votación favorable da maioría cualificada dos 2/3 dos asistentes.
2. O Regulamento de Réxime Interno será aprobado, modificado ou derogado por acordo da Xunta Directiva e ractificado na seguinte Asemblea Xeral ordinaria que se celebre, mediante votación favorable da maioría simple.

TÍTULO VII: DO RÉXIME DOCUMENTAL

Artigo 66. Réxime documental.

O réxime documental do Club Natación Ferrol comprende os seguintes libros que poderán ter formato electrónico:

1. Libro de rexistro de socio, no que constarán os nomes e apelidos, DNI, domicilio social, correo electrónico, teléfono de contacto e data de alta e de baixa.
2. Libro de actas, que consignarán as reunións que celebren todos os Órganos do CNF que así se recolla nestes Estatutos.
3. Libros de contabilidade, nos que figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigas e ingresos e gastos do CNF, debendo precisarse a procedencia de aqueles e o investimento de estes.
4. Libro inventario de bens mobles e inmobles.



CLUB NATACIÓN FERROL
Apartado de Correos nº 273
15480 (Ferrol)
Teléfono móbil: 698 14 54 45
Correo: info@natacionferrol.com
Páx. Web: www.natacionferrol.com

TÍTULO VIII: DO RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 67. Réxime disciplinario.

O CNF dotarase de réxime disciplinario que será desenvolto no Regulamento de Réxime interno e deberá adaptarse ás previsión legais establecidas.

TÍTULO IX: DA DISOLUCIÓN DO CLUB

Artigo 68. Procedemento de disolución.

O Club extinguirase ou disolverase por acordo da Asemblea Xeral extraordinaria convocada a tal efecto e cun mínimo das dúas terceira partes dos votos.

Disolto o Club, o remanente do seu patrimonio reverterá en beneficio social, segundo acordo da Xunta Xeral.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Fican derrogados os Estatutos e Regulamentos até agora vixentes.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira. Entrada en vigor do Estatutos.

Os presentes Estatutos entrarán en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Asemblea Xeral.

Segunda.

A Xunta Directiva do CNF poderá modificar, se elo fose preciso, os presentes Estatutos para adaptalos ás indicacións ou esixencias que en tal sentido realizase a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.